

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 16 de febreiro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D SATURNINO ABETE REDONDO (PP)

D. RAMON CARRO OTERO. (PP)

D^a. BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

Non asisten:

Secretario: D. JOSE ANTONIO BOUZAS NEO, Secretario accidental do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 17.12.2014.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.12.2014 AO 10.02.2015.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015.

5º) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ART. 16 DA ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN CUARTO TRIMESTRE DE 2014.

6º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DO 4º TRIMESTRE DE 2014.

7º) DACIÓN DE CONTA DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO SEGUNDO REAL DECRETO 635/2014 DO 3º E 4º TRIMESTRE DE 2014.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

Dada conta da resolución da Alcaldía do 10.02.2015, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que con data 18 de febreiro ás 14,00 horas remata o prazo para a presentación telemática da documentación do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 da Deputación, que coincide co día de celebración do Pleno ordinario do mes de febreiro que debía celebrarse ás 13 horas, e co galo de evitar posibles problemas que poidan presentarse na remisión telemática da documentación que suporían a exclusión do Concello deste Plan, e en virtude do principio de eficiencia polo aforro que supón esta medida nos actuais tempos de crise, posto que non está previsto celebrar outro Pleno neste mes, agás imprevistos, resolvo:

1º) Adiantar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 18 de febreiro ao 16 de febreiro, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda ratificada a resolución da Alcaldía nos seus propios termos.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 17.12.2014.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 17 de decembro de 2014.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.12.2014 AO 10.02.2015.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben.

12.12.14.- Concesión axuda de emerxencia social a una veciña.

15.12.14.- Arquivo de actuacións en relación a un expediente informativo dun traballador.

15.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.346,20 euros (Wurth S.L).

15.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 25.863,48 euros (facturas varias).

15.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 18.024,96 euros (facturas varias).

15.12.14.- Publicación das listaxes provisionais de admitidos e excluídos da adxudicación extraordinaria de prazas para a Escola Infantil Municipal.

15.12.14.- Adscrición de persoal á obra de Mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión.

16.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 10.139,96 euros (GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A).

16.12.14.- Aprobación da xustificación presentada e recoñecemento da obriga co CEIP de Pedrouzos polo importe total de 3.000 euros.

16.12.14.- Aprobación da xustificación presentada e recoñecemento da obriga coa Asociación Banda de Música Municipal de Brión polo importe total de 3.300 euros.

16.12.14.- Autorización de cambio de vehículo nunha licenza de taxi.

16.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 14.746,88 euros (GAS NATURAL SUR SERVICIOS SDG, S.A).

16.12.14.- Reintegro de 25,60 € a un traballador por gasto anticipado en material funxible.

16.12.14.- Reintegro de 27,00 € a un traballador por gasto anticipado vestiario de traballo.

16.12.14.- Convocatoria da XGL a celebrar o 17 de decembro.

17.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

18.12.14.- Traslado do expediente de baixa de oficio ao Consello de Empadramento.

18.12.14.- Devolución do ICIO da licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Brión de Abaixo.

18.12.14.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 17 de decembro.

18.12.14.- Requirimento limpeza de fincas en Agro Novo.

18.12.14.- Aprobación da xustificación presentada e recoñecemento da obriga do Concello co IES de Brión polo importe de 2.000 €.

18.12.14.- Aprobación da xustificación presentada e recoñecemento da obriga do Concello coa Asociación Festa do Cabalo polo importe de 1.200 €.

18.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 3.330 euros (asistencias ás sesións dos concelleiros no 3º trimestre de 2014).

18.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 4.470,00 euros (asistencias ás sesións dos concelleiros no 4º trimestre de 2014).

18.12.14.- Pagamento da contía de 40.000 euros, á entidade Urban Portfolio Inmobiliario S.L. en concepto de devolución de parte de cota indivisa de aproveitamento municipal da AR-7 do PXOM.

19.12.14.- Embargo de nómina a un traballador pola débeda notificada polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Negreira.

19.12.14.- Aprobar a lista de beneficiarios distribución de alimentos para o mes de decembro.

19.12.14.- Pago de extra de decembro.

19.12.14.- Solicitud de subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2015 para o proxecto denominado: Ampliación da rede municipal de abastecemento e saneamento en San Salvador.

19.12.14.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 15/2014.

19.12.14.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 16/2014.

19.12.14.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 17/2014.

19.12.14.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 18/2014.

23.12.14.- Requirimento de limpeza en Sabaxáns.

29.12.14.- Aprobación da certificación da obra instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos polo importe de: 38.751,62 euros.

29.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos por funcionamento do grupo político municipal PSOE polo importe de 6.150 euros anualidade 2014.

29.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 39.351,04 euros (cotas de novembro,decembro de 2014 e regularización das cotas de xaneiro a outubro 2014 Mancomunidade Serra do Barbanza).

29.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 56.566,75 euros (facturas varias).

29.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 2.898,43 euros (Alfonso Isla, equipamento escénico).

29.12.14.- Declarar definitivo o acordo de aprobación do orzamento xeral, xunto coas súas bases e o cadro de persoal.

29.12.14.- Aprobación da xustificación presentada e recoñecemento da obriga do Concello coa Sociedad Deportiva Luaña polo importe de 2.000 €.

29.12.14.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 19/2014.

29.12.14.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 20/2014.

29.12.14.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 21/2014.

29.12.14.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 22/2014.

29.12.14.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 23/2014.

29.12.14.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 24/2014.

29.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 20.809,87 euros (participación no Plan de Transporte Metropolitano).

29.12.14.- Aprobación da depuración de saldos das contas non orzamentarias.

29.12.14.- Aprobación do expediente de modificación de saldos iniciais de dereitos recoñecidos de orzamentos pechados por omisións ou erros contables.

29.12.14.- Autorización e disposición da cantidade dos gastos polo importe de 50.000 euros (Abastecemento en Ames e Brión anualidade 2014).

30.1 2.14.- Pago de nóminas mes de decembro.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 2.998,38 euros (Soluciones y Proyectos de Información SL).

30.12.14.- Aprobación da conta xustificativa dos gastos e pagos do grupo de emerxencias supramunicipal desde o 01/01/2014 ata o 30/11/2014.

30.12.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondente ao mes de decembro.

30.12.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de decembro.

30.12.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

30.12.14.- Recoñecemento de trienio dun traballador.

30.12.14.- Pago de produtividade.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción dun traballador polo importe de 152,19 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción, estacionamento e dietas dun traballador polo importe de 450,82 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción e manutención dun traballador polo importe de 41,38 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción dun traballador polo importe de 16,34 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción, estacionamento e peaxe dun traballador polo importe de 277,75 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción dun traballador polo importe de 171 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción dun traballador polo importe de 202,16 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción dun traballador polo importe de 117,23 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de estacionamento dun traballador polo importe de 14,50 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción e manutención dun traballador polo importe de 73,02 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción e manutención dun traballador polo importe de 73,02 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción dun traballador polo importe de 16,34 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción, estacionamento e peaxe dun traballador polo importe de 52,16 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción dun traballador polo importe de 78,28 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción e estacionamento dun traballador polo importe de 172,81 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción, estacionamento e peaxe dun traballador polo importe de 147,67 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción e manutención dun traballador polo importe de 77,22 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción e estacionamento dun traballador polo importe de 30,44 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción e manutención dun traballador polo importe de 46,78 €.

30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción dun traballador polo importe de 453,53 €.

- 30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de desprazamento dos voluntarios polo importe de 90,25 €.
- 30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de indemnización de tribunal polo importe de 371,85 €.
- 30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de indemnización de tribunal polo importe de 401,81 €.
- 30.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de indemnización de tribunal polo importe de 185,93 €.
- 30.12.14.- Suspensión temporal obras DTC-93 anualidade 2014.
- 31.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 35.269,04 euros (facturas varias).
- 31.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 7.976,72 euros (GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A).
- 31.12.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 12.637,53 euros (GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A).
- 02.01.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).
- 05.01.15.- Autorización para a celebración da festa de San Xulián no lugar de A Igrexa, Bastavales, o día 8 de xaneiro.
- 05.01.15.- Determinación dunhas normas complementarias e altas de códigos para o adecuado funcionamento do Rexistro de Facturas e a idónea tramitación das mesmas.
- 07.01.15.- Altas padrón de habitantes do mes decembro.
- 07.01.15.- Baixas padrón de habitantes do mes decembro.
- 08.01.15.- Incoación expediente de reposición da legalidade por obras consistentes na construción dun anexo á vivenda principal sen que conste posúa licenza municipal en Lamiño.
- 08.01.15.- Inicio expediente sancionador de tráfico.
- 08.01.15.- Alta dun veciño no servizo de axuda no fogar básico.
- 08.01.15.- Publicación das listaxes definitivas de admitidos e excluídos da adxudicación extraordinaria de prazas para a Escola Infantil Municipal.
- 12.01.15.- Inicio procedemento de adxudicación do contrato de obras de: Mellora e mantemento de camiños rurais interiores e pistas de comunicación entre distintos núcleos.
- 12.01.15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Universidade e este Concello para a realización de prácticas do alumnado das titulacións de grao en pedagogía e grao en educación social.
- 12.01.15.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de servizos de Asesoramento xurídico en materia de urbanismo.
- 13.01.15.- Aprobación do expediente de contratación e prego de cláusulas do contrato de servizos de: Asesoramento xurídico en materia de urbanismo.
- 13.01.15.- Aprobación da conta xustificativa da subvención de "Socorrismo anualidade 2014".

13.01.15.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xaneiro.

13.01.15.- Inicio do expediente de prórroga do contrato administrativo especial de instalación de máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending no pavillón polideportivo municipal e campo de fútbol de herba artificial.

13.01.15.- Altas e baixas no Programa de Axudas ao Transporte presentadas no último trimestre de 2014.

14.01.15.- Aprobación dunha primeira prórroga, polo prazo de un ano, do contrato administrativo especial de instalación de máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending no pavillón polideportivo municipal e campo de fútbol de herba artificial coa empresa BMR VENDING SL.

14.01.15.- Inicio expediente de reposición da legalidade dunhas obras consistentes na construción de muro de peche de parcela en Pedrouzos.

14.01.15.- Expediente sancionador de tráfico.

14.01.15.- Alta dun veciño no servizo de axuda no fogar básico.

15.01.15.- Baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello por inscrición indebida.

15.01.15.- Contratación do servizo de “Ximnasia en piscina para persoas maiores”, durante o ano 2015 á empresa Aquafit Gestión SL, polo importe máximo de 5.243,94 €, ive incluído.

16.01.15.- Aprobar o expediente de contratación e pregos da contratación para a obra de: Mellora e mantemento de camiños rurais interiores e pistas de comunicación entre distintos núcleos no Concello de Brión.

16.01.15.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de obras de: Proxecto de mantemento de diversas pistas municipais nas aldeas de Alfonsín, Mourentáns, Ons de Abaixo, Liñares, así como a pista de Esparís a Mourentáns e a pista de Hombre a Salaño Grande.

16.01.15.- Aprobación inicial taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2014

16.01.15.- Autorización para a utilización do pavillón polideportivo municipal durante o día 24.01.2015 de 19,00 a 21,30 horas presentada por Aquafit Gestión SL.

16.01.15.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato do Servizo de Viaxe para a Terceira Idade do Concello de Brión para o ano 2015.

16.01.15.- Aprobación de liquidación dun recibo da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana 2014.

16.01.15.- Aprobación de liquidación de dous recibos da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana 2013 e 2014.

16.01.15.- Aprobación de liquidación de tres recibos da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana 2012, 2013 e 2014.

16.01.15.- Aprobación de liquidación dun recibo da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana 2014.

19.01.15.- Aprobación do expediente de contratación e prego de cláusulas do contrato de servizos: “Escolas deportivas 2015”.

19.01.15.- Aprobación do expediente de contratación e prego de cláusulas do contrato de servizos: “Escolas culturais 2015”.

19.01.15.- Resolución expedientes sancionadores de tráfico.

19.01.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 58,08 euros (Cableuropa,S.A.U).

20.01.15.- Aprobación de solicitude de subvención subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia, para a realización das obras de “Acondicionamento de tramo urbano de beirarrúa, emprazada no lugar de Soigrex (parroquia dos Anxeles), sobre a travesía da AC-300”.

20.01.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 239,00 euros (La Voz de Galicia S.A.).

21.01.15.- Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

22.01.15.- Inadmisión a trámite dun escrito de limpeza de fincas xa que o denunciado non está incumprindo coas obrigas previstas na Lei 3/2007.

22.01.15.- Inadmisión a trámite dun escrito de limpeza de fincas xa que o denunciado non está incumprindo coas obrigas previstas na Lei 3/2007.

22.01.15.- Requirimento de limpeza de finca en Gundín.

26.01.15.- Aprobación do expediente de contratación e pregos de cláusulas administrativas para a contratación do servizo de Viaxe para a Terceira Idade do Concello de Brión 2015.

27.01.15.- Validación do portal da transparencia do concello na sede electrónica da Deputación da Coruña ordenando a súa publicación.

27.01.15.- Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

28.01.15.- Solicitude de subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015.

28.01.15.- Convocatoria XGL a celebrar o 29 de xaneiro.

29.01.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 16.006,37 euros (facturas varias).

29.01.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 24.971,86 euros (facturas varias).

29.01.15.- Pago de nóminas.

30.01.15.- Aprobación das bases do concurso de disfraces do Entroido 2015.

30.01.15.- Aprobación da liquidación das taxas da XGL celebrado o 29 de xaneiro.

03.02.15.- Aprobación expediente de modificación de crédito MC 01/2015.

03.02.15.- Aprobación expediente de modificación de crédito MC 02/2015.

03.02.15.- Aprobación expediente de modificación de crédito MC 03/2015.

03.02.15.- Aprobación expediente de modificación de crédito MC 04/2015.

03.02.15.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

03.02.15.- Recoñecemento de trienio dun funcionario.

04.02.15.- Altas no padrón de habitantes do mes xaneiro.

04.02.15.- Baixas no padrón de habitantes do mes xaneiro.

04.02.15.- Declaración de caducidade da inscrición no Padrón Municipal dun veciño.

04.02.15.- Contratación do subministro dunha cisterna para a limpeza de fosas sépticas á empresa Agrícola Curtis SL, por un importe de 5.000 €, ive incluído.

04.02.15.- Aprobación do expediente de contratación e pregos de cláusulas administrativas para contratar a obra de: Proxecto de mantemento de diversas pistas municipais nas aldeas de Alfonsín, Mourentáns, Ons de Abaixo, Liñares, así como a pista de Esparís a Mourentáns e a pista de Hombre a Salaño Grande.

04.02.15.- Adxudicación á empresa Lappset España VR S.L., a execución do contrato de obras de: “Instalación de pavimento continuo no parque infantil de Montebalado”, polo prezo de 6.782,72 €, ive incluído.

05.02.15.- Adxudicación a José Juan López Carro, en representación da empresa Marlo Marquesinas, a execución do contrato de obras de: “Cubrición de oco de comunicación do parking soterrado coa praza pública da Casa do Concello”, polo prezo de 2.899,52€, ive incluído.

05.02.15.- Adxudicación á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA, a execución do contrato de obras de: “Instalación de reducores de velocidade en Cirro e Romarís”, polo prezo de 1.497,21 €, ive incluído.

05.02.15.- Arquivo de expediente de solicitude de licenza de obra para subministro de enerxía eléctrica.

05.02.15.- Arquivo de expediente de solicitude de licenza de obra para construír un alpendre.

05.02.15.- Arquivo de expediente de solicitude de licenza de obra para construír un muro de contención.

05.02.15.- Arquivo de expediente de solicitude de licenza de obra para reparación de cuberta.

05.02.15.- Solicitude de subvención para a contratación de 4 traballadores para a obra: Limpeza de aldeas de Babenzo, Bemil e Vilas, Brión 2015.

05.02.15.- Solicitude de subvención para a contratación de 2 traballadores para a obra: Limpeza e mantemento de parques infantís, Brión 2015.

09.02.15.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de febreiro de 2015.

09.02.15.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xaneiro de 2015.

09.02.15.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondente ao mes de xaneiro de 2015.

10.02.15.- Adianto da sesión ordinaria a celebrar o 16 de febreiro.

10.02.15.- Convocatoria ordinaria da Comisión de Contas e Pleno a celebrar o 16 de febreiro.

Advírtese á Corporación, de que na confección do listado notificado omitiuse, por erro involuntario, o Decreto de 8 de xaneiro de 2015, referido á publicación do listado definitivo na adxudicación extraordinaria de prazas na Escola Infantil Municipal.

O Pleno queda enterado.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de febreiro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 13 de febreiro de 2015, que transcrita di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015.

Vista a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan de Aforro e Investimento PAI 2015 remitida pola Deputación Provincial da Coruña, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA	0182-5947-895-46031959	216.754,95 €
TOTAL		216.754,95 €

B) Investimentos financeiramente sostibles

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
TOTAL			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO
--	-----------------

	PROVINCIAL
A) Redución de endebedamento	216.754,95 €
B) Investimentos financeiramente sostibles	
TOTAL	216.754,95 €

2º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

3º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Tal é a miña proposta, non obstante o Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa de Contas adoptará o acordo que estime máis pertinente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ART. 16 DA ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN CUARTO TRIMESTRE DE 2014.

Dáse conta da información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación de estabilidade e da regra do gasto correspondente ao cuarto trimestre de 2014, que xa foi remitido con anterioridade vía telemática ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, informándose que o Concello cumpre co principio de estabilidade orzamentaria así como coa regra do gasto.

O Pleno toma coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, relativa á execución ao cuarto trimestre do 2014.

6º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DO 4º TRIMESTRE DE 2014.

Dada conta dos informes sinalados que xa foron remitidos con anterioridade ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O Pleno toma coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e pola Tesourería municipais do 4º trimestre de 2014 en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

7º) DACIÓN DE CONTA DO CALCULO DO PERIODO MEDIO DE PAGO SEGUNDO REAL DECRETO 635/2014 DO 3º E 4º TRIMESTRE DE 2014.

Dada conta dos informes do cálculo de periodo medio de pago confeccionados segundo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metoloxía do cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención do recursos dos rexímenes de financiación, previsto na Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira. correspondentes ao terceiro e ao cuarto trimestre de 2014, que xa foron remitidos con anterioridade vía telemática ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O Pleno queda enterado.

8º) MOCIÓNS.

Apróbase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións.

1. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO(BNG) RELATIVA Á PRESCRICION DOS FÁRMACOS DE ÚLTIMA XERACIÓN A PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C.

A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública. Calcúlase, en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado español. Até recentemente os medios de tratamento dispoñibles producían altas taxas de fracaso terapéutico, para alén de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves. Déronse, ademais, numerosos casos de doentes que non podían someterse a eles por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade hai na Galiza unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadios de evolución da Hepatite C, que non están

sendo tratadas, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación viuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi o feito de a axencia europea do medicamento (EMA) aprobar, a principios do ano 2014, o Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a, daquela, ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que os/as facultativos/as o puidesen prescribir a aquelas persoas enfermas que o precisaren. A ministra naquela altura acrescentou que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e comunicou que en outubro poderían dispor médicos/as dese medicamento en todo o territorio do Estado español, para o aplicar aos/ás pacientes que o precisasen.

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados, no caso galego, pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellaría de Sanidade.

A día de hoxe sucédense as declaracións públicas de hepatólogos/as a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes para aplicar no territorio do Estado español nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra parte, o desacougo, a alarma e as queixas dos/as doentes de hepatite C, particularmente das persoas postransplantadas non negativizadas e das que se atopan en fase cirrótica (F4), van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non se inclúe dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos/as seus hepatólogos/as, unha vez determinado que cumpren os requisitos estabelecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, é rexeitada ou non contestada.

Por estes motivos, o grupo do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Brión a adopción do seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e exixir que se garanta o acceso ás novas terapias para as persoas doentes de Hepatite C que o precisaren. Todo isto debe producirse de acordo co criterio de médicos/as especialistas, que deben dispor de todos os recursos que foren precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para o Estudo do Fígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais.
2. Instar ao Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.
3. Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, á titular da Consellaría de Sanidade e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.

Intervén a Concelleira do Partido Popular para decir que votan a favor da moción, porque lles parece lóxico, que se trata de un medicamento que deben de recibir todas as persoas, aínda que esta medicación non cura todas as cepas, pero si na súa maior parte.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción emendada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1. Preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal mixto (BNG):

1.- Nos teñen chegado queixas dos pais e nais de nenos e nenas da Escola Infantil que, en certas datas, como poden ser o 24 e 30 de Decembro, luns e martes de Entroido, etc Se lle solicita aos pais que se pronuncien sobre a necesidade de manter a escola aberta neses días. Elabórase unha lista presuntamente dos nenos e nenas que non van a utilizar a escola eses días e procédese a pechar o servizo no caso de non alcanzar un número mínimo de usuario/as.

En primeiro lugar: parece ser que esa lista non é de acceso aos pais e nais interesados, polo demáis, non parece de recibo, que, aínda que sexan poucos os usuarios do servizo en certos días lectivos do ano, se proceda a pechar o servizo.

En segundo lugar: esto causa un problema na conciliación da vida familiar e laboral. Os pais e nais pagan puntualmente as súas taxas e teñen dereito a que o servizo este aberto durante todos os días lectivos do ano.

Razoable sería que se mantivera o servizo con un mínimo de persoal para atender á pouca demanda que podería haber eses días.

2.- Tamén referente á Escola Infantil e ó uso do galego en dita escola, parece ser que se pregunta aos pais, cando comeza o curso, sobre a utilización do idioma galego. Hai pais e nais que indican que queren que se utilice o idioma galego; pero parece ser que non se usa de forma permanente. Mesmo parece que pode haber persoal que teña un escaso coñecemento do idioma galego. A mesma Ordenanza municipal que regula a Escola Infantil determina que o idioma galego sexa a lingua vehicular na Escola Infantil.

Solicitamos que o Goberno Municipal faga un seguimento estrito de este asunto e corrixa as deficiencias que se aprecien.

CONTESTACION DO SR. ALCALDE:

Empezo pola segunda cuestión: o regulamento da Escola Infantil Municipal recolle no seu artigo 16 recolle que o persoal docente usará a lingua galega, tanto na súa función pedagóxica-educativa, coma nas relacións cos pais e nais e a administración. Esta é a razón pola que o coñecemento do idioma galego forma sempre parte da valoración de méritos aos efectos de contratación do persoal que vai traballar ali.

É necesario considerar que o concello carece dos medios necesarios para garantir o estrito cumprimento desta medida, xa que a súa aplicación abarca non só o coñecemento da materia,

senón a súa aplicación. Son 12 técnicos, durante 11 horas de luns a venres, e 11 meses ao ano, polo que nun momentol pode que alguén non cumprise con esa medida.

Tanto o concello como o persoal que atende a Escola Infantil, atende e responde sempre a calquera queixa, suxerencia ou comentario provinte dos pais dos alumnos. Se tal situación se produce realmente, existen canles para que os pais e nais fagan a súas aportacións de xeito directo, como ocorre con outras cuestións que lles preocupan a diario, e participando así de forma activa na vida da Escola Infantil e no proceso educativo dos fillos.

Con todo, faise valer o comentario achegado a traveso do Grupo Municipal do Bloque pois revirte nun mellor control do cumprimento do establecido no Regulamento de Réxime Interior común para usuarios e traballadores, razón pola cal se adquire neste momento o compromiso de estudar este tema e tomar as medidas que se considerase oportunas no caso de resultar realmente necesario.

Decir tamén que ningúnen fixo ningunha reclamación de xeito oficial por parte de ningún pai, pero tómanse as medidas oportunas por si estivese pasando para que non pase.

Respostando á primeira das cuestións, indicar que o artigo 6 do mesmo Regulamento de Réxime Interior, establece que:

“A escola infantil permanecerá pechada:

b) En caso de non existir demanda suficiente que xustifique a apertura do establecemento (mínimo 15 usuarios/as): en horario de mañá e/ou de tarde o mes de xullo; os días 24 e 31 de decembro e o 5 de xaneiro; luns e/ou martes de Antroido”

Con respecto ao meses de xullo e agosto, hai unha recomendación, non obriga, da propia Consellería decindo que consideran importante que os nenos descansen durante un mes durante o ano.

A este respecto indicar que é necesario manter unha actitude coherente á hora de esxir o cumprimento do Regulamento de Réxime Interior tanto na Escola Infantil como de calquera outro servizo municipal. Non cabe esxir o cumprimento dalgunhas normas, e pretender o non cumprimento doutras.

Os consecutivos Regulamentos da Escola Infantil foron sometidos tanto aos prazos como aos procedementos que sinala a Lei para a súa aprobación, polo tanto, foron aprobadosen sesión plenaria inicial e definitivamente, e respectouse o correspondente periodo de exposición pública, no que non se rexistrou ningunha alegación, nin de persoas particulares nin de grupos políticos.

Ademáis desto, no mesmo momento da concesión das prazas, concretamente no mes de maio/xuño, os pais e nais reciben unha copia do regulamento. Coñécese polo tanto esta posibilidade de peche con seis meses de antelación, polo que en ningún caso pode supoñer un imprevisto.

Esta medida leva adoptándose como mínimo dende hai catro anos, e nunca se presentou por parte de ningún pai ou nai unha sola reclamación a este respecto, comprendendo os usuarios da Escola Infantil que se trata dunha medida de racionalización do servizo, pois a afluencia é mínima.

Consultada a dirección da Escola Infantil obtense a seguinte información: non é certo que pais e nais non podan acceder ao listado de persoas que solicitan servizo nas datas sinaladas. Só

unha persoa, e non varias, solicitou qu eses listados se colgaran no taboleiro de anuncios, ao que a dirección non accedeu, evidentemente. Esa mesma persoa usuario desistiu voluntariamente do ofrecemento que lle fixo a dirección para comprobar os listados de xeito persoal, opción que está a disposición de calquera dos pais e nais que o desexen.

Insistir, o Regulamento pode modificarse, e debemos de estar contentos en que se estea cumprindo. Se se considera que se debe modificar, que se presente a proposta correspondente.

Intervén o Sr. Pena Espiña, para aclarar que o que pode haber é unha lagoa no Regulamento, ou un fallo no mesmo, para que se solvente. Non se trata de facer unha proposta, senón de aclarar se esa lista se fai como é debido.

Manifesta o Sr. Alcalde que unicamente unha persoa pediu ver esa lista, e se alguén considera que hai que modificar ese Regulamento pois modificárase, pero indicar que dende a Escola están contentos co mesmo.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e sete minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González